



PROXECTO DE ORDE polo que se establecen os formularios normalizados que se empregarán nos procedementos administrativos para a autorización das intervencións nos bens integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia.

O artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, e o artigo 32 sobre a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación, e o 149.2 que dispón que o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

O Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, estipula no artigo 1 que esta consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden os aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; e o artigo 24 atribúe á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia contempla no apartado 2 do seu artigo 7, entre os órganos asesores en materia de patrimonio cultural, á Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica, os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia e o Comité Asesor dos Camiños de Santiago, e dispón que regulamentariamente establecerase a composición e funcionamento dos ditos órganos asesores.

Ao abeiro da devandita disposición legal, aprobáronse os correspondentes decretos reguladores da composición e funcionamento destes órganos asesores, a saber, o Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica e o Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.

Con respecto á Comisión Mixta Xunta-Igrexa, debe salientarse que o Decreto 84/2017 faculta no seu artigo 3, ao Pleno da mesma, para delegar na Subcomisión de Conservación do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia, o exercicio da función, entre outras, de informar previamente á resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación cos proxectos de obras e intervencións que afecten os bens integrantes do patrimonio cultural da Igrexa Católica en Galicia, incluídos os situados no ámbito territorial do Camiño de Santiago.





O artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Por outra banda, a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, busca a modernización do sector público autonómico e un mellor funcionamento dos seus servizos. Trátase de poñer as novas tecnoloxías ao servizo dunha actividade administrativa máis eficiente, transparente e accesible.

Esta orde pretende dar resposta á necesidade de habilitar os formularios para a presentación electrónica polas persoas interesadas das solicitudes de autorización das intervencións nos bens do patrimonio cultural de Galicia cumprindo así coa normativa en materia de Administración electrónica ao mesmo tempo que se facilita a súa presentación.

Considérase que a disposición de carácter xeral máis axeitada é a orde por estar os procedementos administrativos suficientemente desenvolvidos na Lei 5/2016 e nos Decretos 84/2017 e 93/2017.

En virtude do principio de proporcionalidade, esta iniciativa contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir.

Así, en consecuencia do anteriormente exposto, e no uso das facultades que me confiren os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido na disposición final primeira do Decreto 93/2017,

ACORDO:

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar os formularios normalizados que se empregarán nas solicitudes para as autorizacións das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, de conformidade co establecido na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e nos Decretos 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica e 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.





2. Os procedementos habilitaranse na Guía de procedementos e servizos, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, cos seguintes códigos:

CT420A: Autorización para intervencións nos bens integrantes do patrimonio cultural da Igrexa Católica en Galicia.

CT420B: Autorización para intervencións nos Camiños de Santiago.

CT420C: Autorización para intervencións en bens de interese cultural ou catalogados, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento non localizados nos Camiños de Santiago, e que non afecten a bens integrantes do patrimonio cultural da Igrexa Católica en Galicia.

Artigo 2. Normativa aplicable.

As solicitudes das autorizacións para as intervencións nos bens culturais sométense ás prescricións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como ao establecido no Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica e no Decreto 93/2017 do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, sen prexuízo da normativa sectorial que sexa de aplicación en cada caso polo órgano competente.

Artigo 3. Forma de presentación.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para: as Administracións Públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional e as persoas representantes dunha das anteriores.

Conforme o artigo 5.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas físicas con capacidade de obrar e as persoas xurídicas, sempre que iso estea previsto nos seus Estatutos, poderán actuar en representación doutras ante as Administracións Públicas.





De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Documentación complementaria.

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude de autorización para intervencións no patrimonio cultural da Igrexa Católica en Galicia (anexo I) a seguinte documentación:

a) Un documento técnico en que se recollan con detalle suficiente as actuacións que se promoven, segundo as determinacións legais vixentes (Proxecto de intervención ou memoria valorada)

b) A xustificación dos criterios da intervención e a súa compatibilidade cos valores culturais dos bens, así como o resultado dos estudos previos e documentación necesarias para a súa valoración.

c) Relación de anteriores intervencións no ben.

d) Nos supostos de intervencións instadas polas persoas titulares das distintas parroquias deberán contar co escrito que conteña o visto e praxe da diocese para a súa tramitación.

2. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude de autorización para intervencións nos Camiños de Santiago (anexo II) a seguinte documentación:

a) Planos de situación da actuación

Plano de situación a escalas 1:25.000 e 1:5.000.

Plano do espazo afectado pola actuación sobre plano de clasificación do solo a escala 1:2.000, 1:1.000 ou 1:500, segundo a clase de solo (urbano, de núcleo rural ou rústico) que permita identificar a parcela sobre a que se vai actuar, vías públicas de acceso,





edificacións e características morfolóxicas do terreo e do medio circundante nun entorno con fronte mínimo de 50 metros a cada lado da parcela, sobre o que se sinale a distancia entre a parcela da actuación e o ámbito protexido.

b) Proxecto técnico cando pola natureza ou alcance da obra sexa esixible ou memoria descritiva da actuación: estado actual, sistemática do traballo, proposta de estado final previsto, materiais a utilizar e técnicas de execución. Especificación das características estéticas e construtivas das edificacións e construcións existentes no entorno da actuación proxectada, indicando os materiais a empregar, cores, texturas e a xustificación técnica da súa elección.

c) Orzamento da actuación a executar detallado por partidas (cando non se requira como documento do proxecto técnico).

d) Fotografías do elemento protexido, do elemento sobre o que se vai actuar e do contorno conxunto de ambos que deben incluír, como mínimo:

- Fotografías de situación do elemento, nas que se identifique a parcela dende a vía á que da fronte, dende o interior da parcela e dende o elemento protexido.

- Fotografías descritivas da edificación sobre a que se actúa (exteriores e interiores se é o caso) e das edificacións tradicionais existentes na zona.

3. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude de autorización para intervencións en bens de interese cultural ou catalogados, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento non localizados nos Camiños de Santiago e que non afecten a bens integrantes do patrimonio cultural da Igrexa Católica en Galicia (anexo III) a seguinte documentación:

a) Planos de situación da actuación

Plano de situación a escalas 1:25.000 e 1:5.000.

Plano do espazo afectado pola actuación sobre plano de clasificación do solo a escala 1:2.000, 1:1.000 ou 1:500, segundo a clase de solo (urbano, de núcleo rural ou rústico) que permita identificar a parcela sobre a que se vai actuar, vías públicas de acceso, edificacións e características morfolóxicas do terreo e do medio circundante nun entorno con fronte mínimo de 50 metros a cada lado da parcela, sobre o que se sinale a distancia entre a parcela da actuación e o ámbito protexido.

b) Proxecto técnico cando pola natureza ou alcance da obra sexa esixible ou memoria descritiva da actuación, estado actual, sistemática do traballo, proposta de estado final previsto, materiais a utilizar e técnicas de execución. Especificación das características estéticas e construtivas das edificacións e construcións existentes no entorno da actuación proxectada, indicando os materiais a empregar, cores, texturas e a xustificación técnica da súa elección.





c) Orzamento da actuación a executar detallado por partidas (cando non se requira como documento do proxecto técnico).

d) Fotografías do elemento protexido, do elemento sobre o que se vai actuar e do contorno conxunto de ambos que deben incluír, como mínimo:

- Fotografías de situación do elemento, nas que se identifique a parcela dende a vía á que da fronte, dende o interior da parcela e dende o elemento protexido.

- Fotografías descritivas da edificación sobre a que se actúa (exteriores e interiores se é o caso) e das edificacións tradicionais existentes na zona.

4. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 5. *Notificacións.*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





Disposición adicional primeira. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa Disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición, poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

